



**GAIÁS**  
CIDADE DA  
CULTURA

**EMOCIÓN-RAZÓN:  
A GRAN DUALIDADE  
RAMÓN CONDE**

**7 de marzo-9 de xuño**

Torres Hejduk

Cidade da Cultura de Galicia



# **GAIÁS**

## CIDADE DA CULTURA

Situada en Santiago de Compostela, a Cidade da Cultura de Galicia eríxese no cumio do monte Gaiás como un formidable fito arquitectónico do novo século dedicado ao coñecemento e a creatividade.

Deseñada polo arquitecto americano Peter Eisenman para acoller as mellores expresións da cultura de Galicia, España, Europa, Latinoamérica e o mundo, esta nova “cidade”, inclusiva e plural, quere converterse nunha “factoría de proxectos” que dinamice o noso tecido de industrias culturais, unha plataforma que lle dea visibilidade ao mellor das nosas expresións artísticas e un punto para o intercambio de ideas e experiencias, conectando Galicia ás redes nacionais e internacionais de creatividade e coñecemento.

Os seus singulares edificios, conectados por rúas e prazas dotados dun avanzado nivel tecnolóxico, configuran un espazo de excelencia para a reflexión, o debate e a acción orientados ao futuro de Galicia e a súa internacionalización.



## EMOCIÓN-RAZÓN: A GRAN DUALIDADE

Esta exposición desenvólvese en tres espazos diferenciados: a explanada exterior e os interiores de ambas as dúas torres.

No exterior está situado un individuo que xorde da terra e un pórtico antropomorfo, este interroga coa súa ollada ao personaxe que a través dos seus brazos crea a entrada ao interior das torres. Ambos os dous personaxes, o que solicita e o que dá acceso son o mesmo, é un exercicio de introspección que permite visualizar o mundo emocional que veremos a continuación.

Na primeira torre atopamos unha reunión de personaxes que escoitan a un líder. Este crea unha realidade intelectual que se materializa para eles. Consta dunha gran cabeza que simboliza as súas crenzas e os seus dous posibles sentidos a dereita e esquerda

como reflexo de que o Rebelado pode ter ambas as dúas direccións, a verdade é sempre unha e a súa oposta, depende das circunstancias.

Na segunda sala vemos unha serie de escenas que reflexan a influencia emocional duns individuos sobre outros, onde se plasma o poder psicolóxico como unha forza determinante do noso comportamento social.

Reafirmando este acto introspectivo os diferentes actores repítense en distintas situacións e interpretando distintos papeis, as imaxes redúcense a cabezas como sínteses dos seus momentos emocionais.

O obxectivo non é amosar tan só a influencia duns sobre outros, senón que ante todo é unha reflexión sobre o papel da convicción, como somos capaces de



crear realidades paralelas que son máis determinantes que o mundo físico.

Esta influencia lógrase a través da autoridade que é un concepto de deixadez. Delegamos o poder noutro que nos parece máis capaz para, a través del, vernos máis fortes.

Esta autoridade execútase a través da inducción, creando unha realidade paralela que existe se cres nela e deixa de facelo en caso contrario. É a forza dos mitos, as relixións e moitas ideas sociais que non teñen máis realidade tanxible que a forza da convicción grupal.

Estas ideas son as bases das nosas organizacións so-

ciais que están máis alá da pura supervivencia física. Por un lado, permítenos crear un mundo organizativo, unha colmea que posibilita un dominio da contorna impensable a nivel individual. Aínda que por outro lado é un tremendo poder coaccionante. E crea ademais barreiras culturais entre os distintos grupos dificilmente salvables.

A dialéctica apertura-cerrazón é unha pugna constante dentro das sociedades e os individuos que as compoñen, apertura para captar novos adeptos e cerrazón para diferenciarse dos “outros”. O fin de toda esta mecánica é, como sempre, o dominio sobre os recursos. Para alcanzalos creamos uns grupos e para esta nova realidade nada é imposible.





## RAMÓN CONDE

Para Ramón Conde (Ourense, 1951), a arte é un sistema de comunicación que permite expresar sentimentos persoais que poden tornarse colectivos con facilidade, un lugar no que indagar en emocións e matices que non poden reducirse fácilmente á linguaxe racional.

O seu interese pola arte comezou a unha idade temperá, ensaiando con lápiz e papel as formas da súa contorna. Dos lápices pasou con toda naturalidade ao lienzo e, posiblemente a influencia do seu pai –que esculpía en pedra– o levou directamente á escultura.

O descubrimento do psicoanálise na década dos 70 influirá enormemente no seu mundo intelectual e artístico, cun gran peso das teorías de Freud e dos mundos oníricos na concepción dunhas obras que

non só coñecen en Galicia, senón tamén en diferentes cidades internacionais como París, Monterrey, Porto, Hannover, Berlín ou Londres.

Á marxe da súa creación como inquietude vital, Ramón Conde recibiu unha serie de encargos para situar grupos escultóricos en diferentes lugares de Galicia, que desvelan a súa capacidade para deixar o seu selo persoal, incluso naqueles traballos que non xurdiron do seu universo onírico: desde as iniciais *Guardián* da Torre de Hércules ou a *Paternidad* da Sagrada Familia na Coruña ata *Los Rederos* da Gran Vía de Vigo, *Arco de Triunfo* e Lugo, o monumento a *Alonso III* de Fonseca no Claustro do Pazo de Fonseca en Santiago de Compostela, *La Lechera* en Ourense ou *Fiel Contraste* en Pontevedra.

## TORRES HEDJUK


As Torres Hejduk da Cidade da Cultura de Galicia convértense ao longo de 2013 nun lugar de intervención artística, onde diferentes creadores reinterpretarán este conxunto escultórico a través da súa obra.

Deseñadas en 1992 polo arquitecto John Hejduk (Nova York, 1929-2000), estaban pensadas para situarse no compostelán parque de Belvís para funcionar como un xardín escultórico-botánico, dando cabida a actividades pedagóxicas. O proxecto non chegou a materializarse e, tras a morte do seu amigo e compañeiro en The New York Five –grupo que mellor representa o espírito do neorracionalismo arquitectónico-, Peter Eisenman decidiu construílas

na Cidade da Cultura, converténdose nun dos símbolos do complexo.

Situadas no borde suroeste do Monte Gaiás, estes faros vixías do devir de Santiago de Compostela xogan coa pureza da súa composición xeométrica e o contraste de materiais nunha poética formal de ausencias e presencias.

Eisenman concebiu as torres como “a igrexa sen corpo” e, desde a distancia, as súas siluetas recórtanse como eco esquemático das torres da Catedral de Santiago na liña do horizonte.



# INFORMACIÓN PRÁCTICA

## **Emoción-Razón: A gran dualidade**

Ramón Conde

7 de marzo-9 de xuño

Torres Hejduk

Cidade da Cultura de Galicia

Horario:

todos os días, de 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:00 horas.

Entrada de balde.

Autobuses:

Liña 9: de luns a venres laborables e sábados pola mañá.

Liña C11: sábados tarde, domingos e festivos.

## PATRONOS FUNDACIÓN GAIÁS

As seguintes empresas, institucións e persoas decidiron participar e apoiar activamente a Cidade da Cultura de Galicia, demostrando o seu firme compromiso con Galicia e coa cultura.

Todas as empresas, institucións e persoas que conforman o Padroado da Fundación Gaiás comparten cos responsables e os xestores da Cidade da Cultura de Galicia a idea de apostaren decididamente pola cultura en Galicia, tanto polo seu valor como eixe de cohesión social, como pola súa capacidade para fomentar o progreso sostible da sociedade galega.



**INDITEX**

**INVERAVANTE**



**Fundación Barrié**

**Banco Gallego**



**Campo**

**GADIS**



**Estrella Galicia** 







**GAIÁS**  
CIDADE DA  
CULTURA

**Gabinete de Comunicación da Consellería de  
Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**

981 545 400 / 981 545 443

[gabinete.prensa@edu.xunta.es](mailto:gabinete.prensa@edu.xunta.es)



fundación cidade  
da cultura de galicia



**XUNTA  
DE GALICIA**